

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de marzo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(363).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(364).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA TOMÁS A. ALONSO”. EXPTE. 237/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.10, o informe de fiscalización do 24.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 17.03.10, conformado polo asesor xurídico, o xefe e a concelleira-delegada, todo eles da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto que se achega no expediente para a execución das obras de rehabilitación da escola infantil da rúa Tomás A. Alonso, redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S.L.P.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato) correspondentes, que se achegan no expediente, para á contratación das obras do proxecto indicado no punto anterior, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia, ao amparo do artigo 17.1 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local (FEESL), e o artigo 96 da LCSP, a efectos de redución de prazos.

3º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á partida orzamentaria 4220.632.00.73, por un importe de 211.980 €, máis o 16% (33.916,80 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 245.896,80 € (DOUSCENTOS CORENTA E CINCO MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3(365).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RÚA CASIANO MARTÍNEZ”. EXPTE. 238/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.10, o informe de fiscalización do 24.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 17.03.10, conformado polo asesor xurídico, o xefe e a concelleira-delegada, todo eles da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto que se achega no expediente para a execución das obras de rehabilitación da escola infantil da rúa Casiano Martínez, redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S.L.P.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares, incluíndo as FEC (Follas de especificación do contrato) correspondentes, que se achegan no expediente, para á contratación das obras do proxecto indicado no punto anterior, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia, ao amparo do artigo 17.1 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e sostenibilidade local (FEESL), e o artigo 96 da LCSP, a efectos de redución de prazos.

3º.- Autorizar un gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á partida orzamentaria 4220.632.00.72, por un importe de 211.980 €, máis o 16% (33.916,80 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 245.896,80 € (DOUSCENTOS CORENTA E CINCO MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS).

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás oito horas e cincuenta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.